



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 24 de outubro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 21 de setembro, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita polo Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional, mediante providencia de data 06 de setembro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 22-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N110.2413.22640	Ourense Activa. Gastos diversos	665.100,01 €
N230.2413.13100	Persoal lab. temp. Ourense Activa	25.283,15 €
N230.2413.16000	Cota patronal S. Soc. Ourense Activa	8.115,93 €
TOTAL.....		698.499,09 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
49009	Aportación Fondos Europeos Ourense Activa	698.499,09 €
TOTAL.....		698.499,09 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.11.01

Título: Ourense Activa

Importe: 708.499,09 €

Período de execución: 01.09.2017 / 31.12.2018

Aplicacións orzamentarias de gasto:

N110.2413.22640	Ourense Activa. Gastos diversos	675.100,01 €
N230.2413.13100	Persoal laboral temporal Ourense Activa	25.283,15 €
N230.2413.16000	Cota patronal S. Social Ourense Activa	8.115,93 €

Financiación:

Aportación Fondos Europeos Ourense Activa (concepto de ingresos 49009): 698.499,09 €

Concello de Ourense (recursos propios): 10.000,00 €

Axente: Mº de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales (F3216001B): 698.499,09 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.